

Igualdade de **FOI** **FORMA**
ESPAZO DE TELEFORMACIÓN

PAZO DE TELEFORMACIÓN **As = Os**

DL: C 4112-2008

Violencia de xénero
Formación en liña |



Violencia de xénero

Formación en liña

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pon en marcha unha plataforma de aprendizaxe electrónica en materia de violencia de xénero, en cumprimento da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e dos compromisos adoptados no V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes, 2007-2010.

Igualdade FORMA ESPAZO DE TELEFORMACIÓN, que xestionará a Secretaría Xeral da Igualdade, ofrece unha **formación en liña sobre violencia de xénero**, con especial incidencia na **igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**; cunha metodoloxía áxil e flexible dirixida a **todas as persoas interesadas**, con diferentes niveis de formación e de coñecemento, así como dos diversos ámbitos profesionais, incidindo na rede de profesionais que traballan en violencia de xénero en Galicia.

Unha ampla oferta formativa

A oferta formativa da plataforma consta dun total de oito cursos:

- 📄 Curso básico de formación en violencia de xénero.
- 📄 Curso de formación en violencia de xénero para profesionais do ámbito educativo.
- 📄 Curso de formación en violencia de xénero para profesionais das forzas e corpos de seguridade.
- 📄 Curso de formación en violencia de xénero para profesionais dos medios de comunicación.
- 📄 Curso de formación en violencia de xénero para profesionais da psicoloxía.
- 📄 Curso de formación en violencia de xénero para profesionais da sanidade.
- 📄 Curso de formación en violencia de xénero para profesionais dos servizos sociais.
- 📄 Curso de formación en violencia de xénero para profesionais do ámbito xudicial.

Aberta a toda a poboación

Porque todas e todos podemos **aprender a ver con outra mirada**, a participar no **desenvolvemento dunha sociedade igualitaria** entre mulleres e homes e a implicarnos na **erradicación da violencia machista**. Porque a violencia contra as mulleres nos toca a todas e a todos.

Con especial incidencia nos distintos ámbitos profesionais

A complexa natureza da violencia machista e do seu tratamento require unha resposta integral por parte dos e das diferentes axentes que interveñen na atención ás vítimas. **Igualdade FORMA ESPAZO DE TELEFORMACIÓN** facilítalles ás e aos profesionais de ámbitos relacionados, directa ou indirectamente, coa violencia de xénero (profesionais da sanidade, servizos sociais, educación, forzas e corpos de seguridade, psicoloxía e as operadoras e operadores xurídicos), formación básica e metodoloxía para a prevención, atención, asistencia e tratamento de situacións de violencia exercida contra as mulleres.

Cun obxectivo claro

Coa posta en marcha de **Igualdade FORMA ESPAZO DE TELEFORMACIÓN**, a Secretaría Xeral da Igualdade pretende **fomentar a reflexión** sobre as causas e formas da violencia de xénero, **dar a coñecer** as súas consecuencias, a situación actual, a lexislación e medios para a súa erradicación e, en definitiva, **fomentar a igualdade de trato e de recoñecemento** entre mulleres e homes e mellorar o desenvolvemento profesional en relación coa erradicación da violencia machista.

Con ferramentas e recursos de apoio

A plataforma inclúe **ferramentas e recursos que facilitan a aprendizaxe**:

- 📄 Descarga de materiais en PDF.
- 📄 Uso de recursos de apoio (glosario de termos, bibliografía, materiais de reforzo...).
- 📄 Posibilidade de marcar o propio ritmo de aprendizaxe.
- 📄 Foro de debate.
- 📄 Avaliacións tipo test.

Diploma acreditativo

Ademais, superadas as probas de coñecemento correspondentes, o alumnado terá dereito a **un diploma acreditativo** expedido pola Secretaría Xeral da Igualdade.

Fácil acceso

Podes acceder a



en:

Igualdade FORMA ESPAZO DE TELEFORMACIÓN

<http://www.igualdadeforma.org>

Aquí atoparás toda a información que precisas sobre os cursos, períodos de matriculación, contidos...